




AGROAMB PRODALT, S.L.U.
Calzadas das Gándaras, 11 Baixo
27003 LUGO

Asunto: Autorización e rexistro de Planta Técnica

Con data 16 de outubro de 2006, o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural, dictou resolución respecto da solicitude presentada relativa ó procedemento de referencia, co texto íntegro seguinte:

ASUNTO:	
AUTORIZACIÓN E REXISTRO DE PLANTA TÉCNICA	
DATOS DO SOLICITANTE:	
RAZON SOCIAL AGROAMB PRODALT, S.L.U.	CIF B-27257666
ENDEREZO Calzadas das Gándaras, 11 Baixo	CONCELLO 27003 LUGO
PROVINCIA LUGO	ACTIVIDADE Planta Técnica
LEXISLACIÓN APLICABLE:	
<p>Regulamento (CE) 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano. Real Decreto 1429/03 de 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ó consumo humano. Regulamento (CE) 181/2006 da Comisión, de 1 de febreiro de 2006, polo que se aplica e modifica o Regulamento 1774/2002 no relativo aos abonos e as enmendas do solo de orixe orgánica, agás o esterco.</p>	
RESOLUCIÓN:	
<p>Vista a solicitude presentada por D. Alvaro Ónega Ares (DNI: 33305869-Y), en representación do establecemento AGROAMB PRODALT, S.L.U., pola que solicita a autorización para o funcionamento do dito establecemento como Planta Técnica. Vista a lexislación aplicable e o informe favorable do xefe do Servizo de Gandaría de Lugo, esta dirección xeral,</p>	
RESOLVE:	
<p>Autoriza-lo establecemento enriba nomeado como Planta Técnica, adxudicándolle o seguinte número de rexistro :</p>	
ES. 27. 04. PTEC	
<p>Contra a presente resolución poderá interpor recurso de alzada ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, a contar desde a súa notificación, consonte cos artigos 114 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A presente autorización non implica o cumprimento de calquera outra condición legal, a que houbera lugar, por parte da entidade autorizada.</p>	

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2007
O subdirector xeral de Gandaría

Francisco M. Chivite Mosquera



CERTIFICADO

Manuel Corujo González, xefe do Servizo de Gandaría de Lugo,

CERTIFICO:

Que a empresa Agroamb Prodalt, SLU, é titular dunha planta técnica de fertilizantes orgánicos situada nas Furadas, Ponte de Outeiro, Castro de Rei (Lugo), autorizada co número ES.27.04.PTEC ao abeiro do Regulamento (CE) 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano e do Regulamento (CE) 181/2006 da Comisión, do 1 de febreiro de 2006, polo que se aplica e modifica o Regulamento 1774/2002 no relativo aos fertilizantes e as emendas do solo de orixe orgánica, agás o esterco.

Que a planta pode transformar directamente nas súas instalacións materiais de categoría 3 e materiais de categoría 2: esterco, contido do tubo dixestivo separado do tubo dixestivo, leite e costro. Tamén pode utilizar outros materiais de categoría 2 transformados previamente, conforme á normativa de aplicación.

E para que conste, a pedimento do interesado, asino este certificado.

Lugo, 2 de agosto de 2010

P.A. Belén Ferrero Rodríguez
Xefa de Área de Inspección e Alerta Veterinaria

